

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020283	IES da Illa de Arousa	A Illa de Arousa	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	12

## 1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3ºcurso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurarán neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES da Illa de Arousa, situado no concello da Illa de Arousa.

O grupo seleccionado de 3º ESO, está composto por 9 alumnas e 10 alumnos con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 13 e os 14 anos. Neste grupo contamos cun alumno con dislexia, un con TDAH e un con TEA.

Todos estos aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

No ámbito da materia de Proxecto Competencial levaremos a cabo un proxecto centrado no tema da alimentación sostenible en sinerxía co proxecto "Nutriescolas" dentro do marco Plan Proxecta+ de innovación educativa.

A modalidade de "Nutriescolas 2" dirixida ao alumnado da ESO busca traballar todas as dimensións do feito alimentario dun xeito integral e transversal na comunidade de referencia do alumnado. Responde á necesidade de que o alumnado adquira e consolide hábitos alimentarios adecuados e desenvolva as competencias necesarias para facer eleccións saudables e sostenibles no futuro. Para acadar estes obxectivos, se lles convida a coñecer a contorna alimentaria, a valorar o noso patrimonio alimentario tradicional, a reflexionar sobre a influencia do medio (publicidade, disponibilidade de alimentos, industria alimentaria) e as súas consecuencias sobre o estado de saúde, entre outras, co fin de desenvolver un comportamento crítico como consumidores responsables fronte á oferta alimentaria actual.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando convxuntamente as competencias transversais que se requirian.	1-3		5	3	1-3	2	3	

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	Onde procuramos o que comemos?	<p>Nesta unidade o alumnado preparará un cuestionario para as familias para recoller información acerca dos alimentos que adoitan consumir as familias e para saber onde as familias da Illa acostuman procurar os seus alimentos (onde os mercan ou en que medida os cultivan, pescan o producen). A continuación o alumnado procurará información e aprenderá coñecementos básicos sobre o tema alimentación sostible.</p> <p>Nesta primeira fase o alumnado deberá tamén deseñar a planificación das distintas fases do proxecto.</p>	35	15	X		
2	Alimentación sostible, alimentación para o futuro	<p>Unha vez analizados os datos da enquisa e aprendidos os coñecementos básicos sobre o tema da alimentación sostible o alumnado aplicará os coñecementos obtidos para proponer melloras nos hábitos dos consumidores da propia comunidade voltos a incrementar a sostibilidade da alimentación local. Estas propostas de mellora elaboradas por grupos poderán concretarse nun traballo monográfico (carteles, propostas de cultivos, ...) ou nun anuncio en formato audiovisual ou visual para unha campaña de mellora da sostibilidade alimentaria.</p>	30	10		X	
3	Paréceche?	<p>Nesta unidade o alumnado expoñerá a propia proposta de mellora ao resto da clase e a fará accesible ao resto da comunidade educativa.</p>	35	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	Onde procuramos o que comemos?	15

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Tomar conciencia sobre o concepto de alimentación sostenible e entender os seus principios.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Buscar e seleccionar recursos y materiales para a realización da proposta de mejora escogida.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Procurar información sobre alimentación sostenible.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuaciones necesarias para a ejecución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuaciones do proxecto e proponer posibles soluciones a estas.	Solucionar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Alimentación sostenible, alimentación para o futuro	10

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuaciones asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuaciones planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias nos niveis de calidade requeridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a ejecución das actuaciones.	Empregar recursos e materiais necesarios.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Paréceche?	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>	

## 4.1. Concreciones metodolóxicas

Neste curso traballarase o proxecto competencial dentro do programa Nutriescolas 2 no marco do "plan proxecta+".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos más transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, realizarase unha enquisa dirixida ás familias do alumnado do instituto para investigar os tipo de alimentos que consumen (produtos frescos de orixe vexetal ou animal, produtos elaborados, produtos ultraprocesados, ...) e onde procuran os alimentos que consumen (cultivación propia, pesca, caza, comercios de proximidade, supermercados, compras telemáticas,...). Empezarase logo o estudo do concepto de alimentación sostenible co obxectivo de sensibilizar o alumnado sobre a sostenibilidade dos propios hábitos alimentarios. O alumnado deseñará unha planificación na procura e selección das fontes de información.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos elaborarán unha proposta de mellora procurando incidir nos puntos débiles atopados. Buscarán propostas para reducir o impacto medioambiental que repercutan na propia saúde e na saúde do noso planeta. Poderá ser unha proposta de menú ou un anuncio publicitario.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos as propostas de mellora elaboradas. Terán liberdade no formato de presentación e nos medios, dándolle a máxima difusión no centro educativo, exposicións nos taboleiros e corredores do centro e na páxina WEB.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuindo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Biología e Xeología (alimentación e nutrición, hábitos saudables, ecoloxía, xestión sostenible dos recursos ...)
- Matemáticas (estatísticas nos consumos dos alimentos..)
- Economía (valor dos alimentos, xestión de recursos)
- Tecnología e Digitalización (buscas de información en rede, presentación digital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (diseño do formato de presentación do proxecto)

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proyecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores
Caderno
Publicacións postas a disposición polo proxecto "Nutriescolas 2" (Carpeta do docente, Manual Xermolón, ...)

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado digital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	30	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo co plan de traballo e coa recompilación da información solicitada.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier de traballo coa procura de información e as tarefas solicitadas. Vídeos, entrevistas, información recompilada e arquivada... proposta de mellora realizada o en fase de ultimación.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumno/a non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha/un alumno/a teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoyo Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian más aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

#### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita à Lonxa da Illa de Arousa.	Visita à lonxa.		X	
Froita na escola	Ofrecerase froitas frescas e castañas, segundo a convocatoria do FOGGA		X	
Lácteos na escola	Ofrecerase leite de consumo, segundo a convocatoria do FOGGA		X	
Proxecto "Horta, xardín e viveiro forestal"	Animarase o alumnado a participar no proxecto da horta do centro escolar en colaboración co Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguíuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. O alumnado e as familias teñen acceso a programación
8. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
10. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
11. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.

12. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.

13. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

14. Ao comezo da unidade, o alumnado coñece os obxectivos e competencias que se van traballar, as actividades a realizar e como se van avaliar.

#### Descripción:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica da mesma é o que nos permite mellorala, recollendo, a través dos procedementos de evaluación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de evaluación da propia programación e da práctica docente realiza dentro de departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma. Para eso, o profesor/a cubrirá tamén un cuestionario cos indicadores de logro indicados anteriormente, nunha escala de un a catro.

- 1.- Nunca
- 2.- As Vezes
- 3. - Case sempre
- 4. - Sempre

O proceso de evaluación da práctica docente deberá igualmente incluir una valoración por parte dos estudiantes do proceso de ensino-aprendizaxe que pode realizarse ao final de cada trimestre a través dun cuestionario. Os indicadores de logro da práctica docente avaliados polo alumnado son os seguintes:

- 1: Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado
- 2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa
- 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade
- 4. As actividades foron variadas e motivadoras.
- 5 Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar
- 6. Combínase o traballo individual e en equipo
- 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura
- 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita
- 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe
- 10. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos, etc.
- 11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos más significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
- 12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros
- 13. Valórarse o traballo e o esforzo

## 8.2. Procedemento de seguimento, evaluación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de evaluación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte más real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por evaluación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de evaluación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, evaluación, etc., será valorada polo docente sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.).

Para avaliar o proceso de ensino empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos.

## 9. Outros apartados